





# Na memoria dun patriota de esquerda

X. L. Méndez Ferrín

**X**osé Agrelo foi un noiés de canda meus –e seus– amigos Antón Avilés Vinagre (de Taramancos) e Enrique Cerviño Roig, os tres xa mortos e xuntos de forma indelével na memoria. Algo de ceibe e aberto tén a vila de Noia, o que cecais lle veña dun pasado artesán e comercial sobre o lombo de todas as marés do mundo. É posíbel que este espírito inqueda lle fose transmitido ao fillo da freguesía de Barro, maila dimensión ancestral do topónimo prelatino e misterioso. Da miña mesma idade, Xosé Agrelo camiñou polo mundo por vieiros físicos que case nunca coincidían cos que eu calcaba; por iso nos vimos e nos falamos poucas veces. Pro eu souben desde hai un mundo de tempo que el estaba sempre acolá, firme como un esteo e duradoiro como o con ou illa da Creba que nunca creba. Agrelo, senón fisicamente, si que coincidía con nosoutros no universo das opcións ideolóxicas e das tendencias sentimentais. Nacionalista de esquerda, faise preciso especialmente o enfatizar de esquerda neste tempo no que lle andan a cortar as azas ao dragón vermello que significa a revolta e o rabo á serea que Castelao ideara, sen moito éxito, para o escudo nacional. Traballador infatigábel da cultura, Xosé Agrelo entendía esta como servizo directo ao pobo, en termos maoístas.

Fundirse co pobo, desconfiar do colonialismo, pór en marcha movementos e representacións dotados de contido político liberador; eis o sentido e a dirección do camiñar avante de Xosé Agrelo Hermo. Non pode pois estrañarnos que a súa sexa a figura principal que a miña xeración lle deu ao teatro galego, descontando Manuel Lourenzo ou Euloxio Ruibal e outros por seren máis novos. Teatro para a vila, para a aldea, para o proletariado, para as masas, era o que el escribía e o que el representaba de outros autores. Un traballo incesante que, adoito, era recompensado co aplauso, coa aceptación, co entusiasmo dos públicos receptores, incluíndo os públicos infantís. Aínda que Agrelo Hermo foi un autor prolífico noutros xéneros literarios, entendemos que é no dramático no que o seu xenio se manifestou de forma protagonista. Centrado, moi centrado na súa bisbarra de nacencia e de vida, o labor de Agrelo sobrepasou esta e espaxouse por toda a Nación. Constituíuse mesmo en modelo dun determinado modo teatral chantado na Terra e coas grandes dimensións do humano e do complexo do noso tempo incorporado de xeito permanente. Morto, Xosé Agrelo Hermo ocupa un lugar de respecto na nosa memoria colectiva. ♦